

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE SETEMBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

671/06.- Promociones inmobiliarias Carreymar, S.L.- Nave, sen uso específico, na parcela 15 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.-

1024/06.- José Luís Rey Vigo.- Legalización e reforma de proxecto de viv. unif. levada a cabo en Esquiapa, Lavacolla.

1377/06.- Os Salgueiros, Sociedade Cooperativa Galega.- Legalización das modificacións executadas na edificación levada a cabo na Rúa dos Irmáns Vilar Ponte núm.1, de Conxo, Pontepereda.-

1648/99.- Plácido Blanco García.- legaliz., aos efectos de 1ª ocupación, da obra de rehabilitación levada a cabo na R/ Altamira núm.14.-

1193/06.- Ute Geslander-Inmobiliaria Paxonal.- Legaliz., aos efectos de 1ª ocupación, da edificación executada na R/ Ildefonso Sánchez Mera núm.14 e 16. (parcela 4B3 do SUNP-16 de Volta do Castro).-

969/06.- Inturasa Inmobiliaria, S.L.- Derruba de nave en Vía de la Cierva núm. 7-9 do Polígono Industrial do Tambre.-

752/06.- Santiago Iglesias Suárez.- Legaliz. de reforma interior de vivenda e apertura de ocós na fachada de viv. unif. no Lugar de Bargo núm.34, A Peregrina.

420/06.- Roberto Fernández Picallo.- Rehabilitación edificación sita na R/ Guadalupe núm.47.-

1229/05.- Alejandro e Agustín Rey Capeans.- Dúas Viv. unif. en Lugar de Piñeiro de Vilestro.-

639/06.- Isabel Vidal Vázquez e Outro.- Viv. unif. na parcela "B", resultante de parcelación autorizada no Lugar de Nova de Extrigueira, San Félix de Afora, San Marcos.-

1197/06.- Ramón Quintáns Vilouta.- Reestructuración de viv. unif. na Rúa de Muros núm.103, Roxos, Vilestro.-

1825/05.- Jesús otero Otero.- Legalizacións das modificacións executadas nas dúas viv. unif. levadas a cabo na R/ Cima da Eira núm.35-37, en Vite de Arriba.-

2565/04.- Jesús Vilar Beiroa.- Legalización da planta baixa da edificación executada na R/ Anxo Casal núm.5. (**Xulgue a Corporación**).-

1326/06.- Manuel Baña Tuñas.- Viv. unif. illada en Lugar de Portela de Vilestro.-

1085/06.- José Luís Brea Antelo.- Viv. unif. en Rúa Canteira de Arriba núm.33.-

Dis/216/06.- Julia Generosa Martínez Pena.- Ampliación edificación executada na Rúa do Pino núm.25.-

PARCELACIÓNS.-

417/06.- Rustigal, S.L.- Parcela sita no Lugar de Chorente, Sta Cristina de Nemenzo (-).-

CAMBIO DE USO.-

1160/04.- Construcciones y Promociones José Antonio Díaz Fernández, S.L.- Edificación en execución nas Unidades de Actuación 14-15-17-18 e 19 do PERI-7 de Pontepedriña (cambio uso da planta baixa) (+).-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

1053/06.- Inmobiliaria Ponteno, S.L.- Urbanización Unidade de Actuación de Casal Laraño.-

APERTURAS.-

Lap/216/05.- Turismos Coruña, S.L.- Apertura de exposición, venda e reparación de vehículos en Estrada Coruña-Tui, Santiago de Compostela.

Lap/206/06.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Funcionamento de garaxe comunitario en Calzada de Sar núm.9.-

Lap/121/06.- Plavimundo, S.L.-Funcionamento de garaxe en Rúa Madrid.-

OCiHR Licenzas

FAVORABLES

LIC/2280/2005.- JOSÉ CARLOS GULDRÍS TRILLO.-

Rehabilitación de vivenda na Calzada do Carme de Abaixo, nº 14.-

OUTROS

LIC/731/2006.- CASTOR E MANUEL LATA MONTOIRO.-

Desestimar o recurso de reposición de denegación de licenza para parcelación das fincas sitas na Costa do Veedor 1, 3 e 5 e manter o acordo nos seus termos.-

5.- Proposta da concelleira delegada de rehabilitación do casco histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase a concesión de axudas á rehabilitación para 15 vivendas.

7.- Proposta da concelleira delegada da OMIC relativa a solicitude dunha subvención ao Instituto Galego de Consumo.

Acéptase a subvención de 6.504 euros para o funcionamento da OMIC e de 5.579, para os proxectos subvencionados do ano 2006.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Circulación e uso da vía pública relativa á aprobación de diversas modificacións nos estacionamentos na zona ORA.

Apróbase a redución do tempo de estacionamento de dúas horas a unha nas seguintes rúas: Travesía da Universidade, Fonte Seca, Praza da Universidade, Praza e Arco de Mazarelos, Algalia de Abaixo, Valle Inclán e Hospitaliño. Tamén se aproba a implantación da zona ORA na rúa de San Pedro, Virxe da Cerca e Praza de Entrepraciñas. Ámbolos grupos suman un total de 154 prazas e o seu horario adiántase das 10.00 ás 9.00 horas. Así mesmo, apróbase a ampliación da zona ORA en Carreira do Conde, Castrón Douro-Patio de Madres, García Blanco, Concepción Arenal, Pitelos e Santa Clara (Total: 218 prazas); e a ampliación do horario de carga e descarga no Ensanche ata as 18.00 horas.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a solicitudes de bonificacións no imposto de bens inmobles.

Desestímase o recurso.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación do proxecto do obradoiro de emprego COMPOSTELA NATURAL e a solicitude dunha subvención á Consellería de traballo.

Ratifícase a solicitude do Obradoiro de Emprego "Compostela Natural", para a rexeneración do cauce e recuperación ambiental das ribeiras do río Sarela, cunha duración prevista de doce meses. Así mesmo, acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Traballo para o desenvolvemento do mencionado programa.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Política Lingüística relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación da Coruña para a realización de dous proxectos.

Apróbase a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para a realización de dúas campañas de dinamización lingüística: a primeira, promover a transmisión lingüística interxeracional, e a segunda, dirixida a lembrar e colaborar coas boas prácticas lingüísticas na Administración municipal.

12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á contratación dun administrativo para informar sobre axudas públicas polos danos producidos polos incendios forestais.

Apróbase a súa contratación.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á solicitude dunha subvención para a contratación de dous axentes de emprego.

Acórdase solicitar á Consellería de Traballo unha subvención para a contratación de dous Axentes de Emprego.

14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a USC para o programa "RUPTURA DE PARELLA, NON DE FAMILIA".

Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a realización do programa "Ruptura de parella, non de familia", da unidade de Psicología Forense da Facultade de Psicología, por unha contía de 7.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e AGADEA para axuda dos enfermos de alzheimer.

Apróbase a realización do convenio por un importe de 6.600 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Emigración e Inmigración relativa á aprobación do orzamento e bases do programa de axudas escolares para inmigrantes extracomunitarios e emigrantes retornados 2006-2007.

Apróbanse o orzamento de 5.900 euros destinados a bolsas e as bases do Programa de Axudas Escolares. Prazo: 15 días naturais para a recepción de solicitudes.

17.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e ASPANAES.

Apróbase a sinatura do convenio entre o Concello e a asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista, por unha contía de 3.400 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do orzamentos e bases do Programa de axudas escolares curso 2006-2007.

Apróbase un orzamento de 5.000 euros para atender os gastos relativos á Convocatoria de Axudas Escolares. Tamén se aproban as bases do programa. Prazo: 15 días naturais.

19.- Dar conta de corrección de erro no punto número 21 da sesión de 2 de agosto de 2006.

Dáse conta da corrección do erro.

20.- Dar conta da concesión dunha subvención para a execución de diversas accións formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A Xunta de Goberno queda enterada da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo para a execución de diversas accións formativas dirixidas a traballadores ocupados cofinanciadas polo F.S.E. para o exercicio 2006.